



CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 19/05/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril do 2020 terá lugar neste municipio dende o día 20 de maio de 2020 ata o día 21 de setembro de 2020, 4 meses de prazo por mor do estado de alarma.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 19 de maio de 2020.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1038

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 26/05/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga, sumidoiros , lixo e canón de auga correspondentes ao 1º bimestre do exercicio 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 27 de maio de 2020.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1039

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 26/05/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga , sumidoiros , lixo e canón de auga correspondentes ao 2º bimestre do exercicio 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 27 de maio de 2020.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

FOZ*Anuncio***CONVOCATORIA PARA ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DO MUNICIPIO DE FOZ**

De conformidade co acordo da Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 12 de marzo de 2020 (rexistrado nesta entidade local o 24/03/2020, co nº 2020-E-RC-1295), e á vista do próximo vencemento do período de catro anos de vixencia de nomeamento de Xuíz de Paz TITULAR e SUBSTITUTO deste municipio, de conformidade co disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, publícase a seguinte convocatoria aprobada mediante Decreto de Alcaldía n.º 2020-0328 de data 01.06.2020:

PRIMEIRO: Aprobar a convocatoria para elección de Xuíz de Paz TITULAR e SUBSTITUTO do Municipio de Foz, de conformidade co disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

1º.- OBXECTO:

Elección de Xuíz de Paz TITULAR e SUBSTITUTO do Concello de Foz.

2º.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES:

- Ser español e maior de idade
- Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade previstas no artigo 303 da Lei orgánica do Poder Xudicial.
- Non estar incurso nalgunha situación de incompatibilidade, descritas nos artigos 389 e 395 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

3º.- INCOMPATIBILIDADES:

As causas de incompatibilidade ás que se refiren os artigos 389 e seguintes da L.O.P.X. operarán con posterioridade ao nomeamento, mediante opción que efectúan os nomeados. O exercicio de actividades profesionais ou mercantís non constitúen causa de incompatibilidade.

4º.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P. de Lugo, no rexistro xeral do Concello, en días laborables e horas de oficina, ou calquera dos medios a que fai referencia o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

5º.- DOCUMENTACIÓN:

- Solicitud conforme modelo que se facilite polo Concello e que se publicará no tabulario de anuncios electrónico, sito na sede electrónica deste Concello: <http://concellodefoz.sedelectronica.es>.
- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Certificación negativo de antecedentes penais do que non resulte vixente condena por delito.
- Copia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que alegue o solicitante.

Foz, 2 de xuño de 2020.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

Anuncio

Por Decretos de Alcaldía de datas 9 de Marzo e 28 de Maio de 2020, aprobáronse os Padróns da taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 1 de xuño e o 31 de xullo de 2020.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 29 de maio de 2020.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 1042

LÁNCARA

Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión extraordinaria realizada o 08/05/2020 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 6/2020 do orzamento xeral do Concello de 2020. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 12/05/2020 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado, co seguinte resumo por capítulos do orzamento:

Estados do gastos

Capítulo I	Gastos de Persoal	1.029.348,70
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	1.207.305,02
Capítulo III	Gastos Financeiros	1.455,16
Capítulo IV	Transferencias Correntes	12.500,00
Capítulo V	Fondo de Continxencia	8.500,00
Capítulo VI	Investimentos Reais	534.893,86
Capítulo VII	Transferencias de Capital	4.500,00
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	6.942,57

Estado de ingresos

Capítulo I	Impostos directos	617.335,05
Capítulo II	Impostos indirectos	25.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	274.852,00
Capítulo IV	Transferencias Correntes	1.362.791,80
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.379,25
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	182.953,15
Capítulo VIII	Activos financeiros	336.134,06
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00

Contra o presente acordo, en cumprimento do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Láncara, 3 de xuño de 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1068

Anuncio

De conformidade co decreto de 3 de xuño faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais no marco do "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Láncara para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural":

- Un xefe de brigada.
- Un peón condutor
- Tres peóns
- Tres condutores de VMB
- Un tractorista.

A convocatoria e as bases aprobadas están colgadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <http://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

Láncara, 3 de xuño de 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1069

Anuncio

Información pública

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 4 de xuño de 2020 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 7/2020, de concesión de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería e a base 10ª de execución do orzamento, consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 15.000,00 euros.

O expediente expoñense ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 5 de xuño de 2020.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1102

MEIRA

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada o día 18 de maio de 2020 o Padrón de Vados e entrada por beirarrúas correspondente ao ano 2020.

Por medio do presente faise público que durante o prazo de un mes contado a partir do día da inserción do presente edicto no B.O. da Provincia de Lugo, queda de manifesto na Secretaría deste Concello ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 15 de xullo de 2020 ata o 15 de setembro de 2020.

A presente publicación, nos dous supostos (edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, en fase voluntaria) surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ó amparo do establecido no citado artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorridos os prazos anteriores, as cotas non pagadas, esixíranse pola vía de constrinximento, cas correspondentes recargas que fixa o regulamento de recadación sendo remitidas á Excm. Deputación Provincial

de Lugo para o seu cobro por vía de constrinximento, de conformidade co convenio subscrito para tal efecto con este Concello.

Meira, 25 de maio de 2020.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1043

MURAS

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo/hora, achega mensual e o número de horas que foron atendidas no mes de Febreiro 2020 e datos dunha persoa usuaria de horas complementarias do mes de outubro de 2019, que a empresa non facturo e se prestou no seu momento, e facturou máis tarde.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Febreiro 2020 e datos dunha persoa usuaria de horas complementarias do mes de outubro de 2019, que a empresa non facturo e se prestou no seu momento, e facturou máis tarde, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Febreiro 2020 e datos dunha persoa usuaria de horas complementarias do mes de outubro de 2019. O padrón correspondente ao mes de Febreiro e datos dunha persoa usuaria con horas complementarias do mes de outubro de 2019, consta de 56 contribuíntes (17 de libre concorrencia e 36 de dependencia) e un importe total de 5.033,46 € (1.310,62€ persoas usuarias de libre concorrencia e 3.722,84 € persoas usuarias de dependencia).

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederá a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, 20 de maio de 2020 Sr. Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

Muras, 20 de maio de 2020.- O Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1044

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo/hora, achega mensual e o número de horas que foron atendidas no mes de Marzo 2020.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Marzo 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Marzo 2020. O padrón correspondente ao mes de Marzo ,consta de 53 contribuíntes (16 de libre concorrencia e 37 de dependencia) e un importe total de 4.728,30 € (1.225,18 € persoas usuarias de libre concorrencia e 3.503,12 € persoas usuarias de dependencia).

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederá a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, 20 de maio de 2020 Sr. Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

Muras, 20 de maio de 2020.- O Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1045

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras, e os correspondentes prezos mensuais que deberán aboar segundo a xornada solicitada e o servizo de administración de comidas no mes de Febreiro de 2020.

Considerando o disposto no Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras e a súa Ordenanza reguladora do prezo público (BOP 10/04/2018).

Elaborado o padrón mensual que contén as liquidacións da taxa pola prestación do Servizo de Atención á Infancia do Concello de Muras no mes de Febreiro de 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do Servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras correspondente ao mes de Febreiro de 2020. O padrón correspondente ao mes de Febreiro consta de 5 contribuíntes e un importe total de 134,68 € .

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederá a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a

desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Déase conta do presente Decreto aos servizos de Tesourería Municipal e Intervención Municipal.

SEXTO-Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, 19 de maio de 2020 Sr. Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

Muras, 19 de maio de 2020.- O Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1046

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras, e os correspondentes prezos mensuais que deberán aboar segundo a xornada solicitada e o servizo de administración de comidas no mes de Marzo de 2020.

Considerando o disposto no Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras e a súa Ordenanza reguladora do prezo público (BOP 10/04/2018).

Elaborado o padrón mensual que contén as liquidacións da taxa pola prestación do Servizo de Atención á Infancia do Concello de Muras no mes de Marzo de 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do Servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras correspondente ao mes de Marzo de 2020. O padrón correspondente ao mes de Marzo consta de 5 contribuíntes e un importe total de 88,50 € .

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederá a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Déase conta do presente Decreto aos servizos de Tesourería Municipal e Intervención Municipal.

SEXTO-Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, 20 de maio de 2020 Sr. Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

Muras, 20 de maio de 2020.- O Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1047

PANTÓN

Anuncio

INSTAURACIÓN DO RÉXIME DE FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN PREVIA LIMITADA DE REQUISITOS BÁSICOS.

O Pleno do Concello de Pantón, por Acordo do 28.05.2020, acordou aprobar, en base ao disposto no artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 13 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a instauración no Concello de Pantón do procedemento de fiscalización previa limitada de gastos e ingresos municipais e a súa posterior fiscalización plena no Concello, así como aprobar a “Instrución de fiscalización limitada previa de requisitos básicos de gastos e ingresos e a súa posterior fiscalización plena no Concello de Pantón”, esta última co seguinte teor literal:

“INSTRUCCIÓN DE FISCALIZACIÓN LIMITADA PREVIA DE REQUISITOS BÁSICOS DE GASTOS E INGRESOS E A SÚA POSTERIOR FISCALIZACIÓN PLENA NO CONCELLO DE PANTÓN.

TÍTULO I. OBXECTO

REGRA 1: Obxecto.

O obxecto da presente Instrución é determinar as normas de realización do procedemento de fiscalización limitada previa de todo gasto e ingreso do Concello de Pantón, así como a regulación da fiscalización plena posterior, para que estes dous tipos de fiscalización se exerzan ordenadamente, baixo os principios de racionalidade e celeridade, ao obxecto de que a Intervención Municipal desempeñe a súa función dunha forma adecuada, e poida facilitar aos Órganos de Goberno Municipais, unha información precisa, garantindo que os acordos se adoptan de conformidade coa normativa legal.

TÍTULO II. FISCALIZACIÓN PREVIA LIMITADA

CAPÍTULO 1: INGRESOS

REGRA 2: Ingresos correntes.

A fiscalización previa de todos os ingresos correntes realizarase mediante a toma de razón en contabilidade.

REGRA 3: Ingresos de capital.

A fiscalización previa de todos os ingresos de capital da Corporación realizarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

- a) Toma de razón en contabilidade.
- b) En caso de alleamentos patrimoniais, comprobarase, así mesmo, a dispoñibilidade do recurso.

CAPÍTULO 2: GASTOS

REGRA 4: Gastos con fiscalización previa limitada .

Todos os gastos, excepto os de contía indeterminada, estarán suxeitos a fiscalización previa limitada de requisitos básicos.

REGRA 5: Extremos de xeral comprobación.

Os extremos de xeral comprobación serán os establecidos en o artigo 13.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local -RCI- (EDL 2017/55218), ou norma que a substitúa.

En todo caso, considéranse extremos de xeral comprobación os que figuren como tales nos extremos fixados no Acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, con respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, naqueles supostos que sexan de aplicación ás Entidades Locais, que deberán comprobarse en todos os tipos de gasto que comprende

REGRA 6: Contratos do sector público e encargos a medios propios.

Considéranse requisitos básicos adicionais para os contratos e os encargos a medios propios, os que atendendo á natureza dos distintos actos, documentos ou expedientes, se conteñan na Resolución do 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 20 de xullo de 2018, polo que se dá aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios.

REGRA 7: Gastos que non deriven de contratos ou encargos a medios propios.

Considéranse requisitos básicos adicionais para aqueles gastos que non se deriven de contratos ou encargos a medios propios, os que atendendo á natureza dos distintos actos, documentos ou expedientes, contéñense na Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o

Acordo do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008, polo que se dá aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.

REGRA 8: Resto de gastos.

Aqueles gastos que atendendo á natureza dos distintos actos, documentos ou expedientes, non se conteñan nas Resolucións do 2 de xuño de 2008, e de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, non terán requisitos básicos adicionais, polo que o contido de a fiscalización previa limitada cinguirase á comprobación dos requisitos básicos xerais do artigo 13.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

REGRA 9: Anticipos de caixa fixa.

9.1. Constitución:

- a) Acordo que regule o gasto máximo posible, así como as partidas de imputación.
- b) Documento contable acreditativo da retención de crédito nas partidas correspondentes polo gasto máximo permitido.
- c) Que a proposta de pago baséase en resolución de autoridade competente.

9.2. Reposicións:

- a) Conta xustificativa debidamente asinada e cadrada.
- b) Facturas orixinais, conforme á normativa vixente, xustificativas dos pagos.
- c) Que o importe total das contas xustificativas coincide co dos documentos contables de execución do orzamento de gastos.
- d) Que as propostas de pagos baséanse en resolución de autoridade competente.
- e) Que existe crédito e o proposto é adecuado.

9.3. Conta global e peche:

- a) Conta global debidamente asinada e cadrada.
- b) Facturas orixinais da última rendición de contas, si non está rendida.
- c) En caso de peche, acreditación do reintegro de cantidades non investidas.
- d) Comprobarase que corresponden a gastos concretos e determinados en cuxa execución se seguiu o procedemento aplicable en cada caso, que son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos, que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos ou servizos e que o pago se realizou a acredor determinado polo importe debido.

REGRA 10: Pagos a Xustificar.

10.1. Constitución:

- a) Que as propostas de pago a xustificar baséanse en orde ou resolución de autoridade competente para autorizar os gastos a que se refiran.
- b) Que existe crédito e o proposto é o adecuado.
- c) Que se adaptan ás normas que regulan a expedición de ordes de pago a xustificar con cargo aos seus respectivos orzamentos de gastos.
- d) Que o órgano pagador, a cuxo favor se libren as ordes de pago, xustificou dentro do prazo correspondente o investimento dos fondos percibidos con anterioridade polos mesmos conceptos orzamentarios. No entanto, non procederá o reparo por falta de xustificación dentro do prazo de libramentos anteriores cando, para paliar as consecuencias de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública, o Presidente da Entidade autorice a expedición dunha orde de pago específica.
- e) Que a expedición de ordes de pago «a xustificar» cumpre co plan de disposición de fondos da Tesouraría aprobado polo Presidente da Entidade, salvo no caso de que se trate de paliar as consecuencias de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública.
- f) Entenderase que se cumpre co plan de disposición de fondos da Tesouraría, cando as ordes de pago a xustificar realícese con cargo a conceptos orzamentarios autorizados nas bases de execución do orzamento e acomódense a devandito plan nos termos establecidos en o artigo 21.

10.2. Xustificación:

- a) Documento explicativo da xustificación, debidamente conformado.

- b) Facturas orixinais, conforme á normativa vixente, xustificativas dos pagos.
- c) Acreditación do reintegro na Tesouraría das cantidades non investidas.
- d) Comprobarase que corresponden a gastos concretos e determinados en cuxa execución se seguiu o procedemento aplicable en cada caso, que son adecuados ao fin para o que se entregaron os fondos, que se acredita a realización efectiva e conforme dos gastos ou servizos e que o pago se realizou a acredor determinado polo importe debido.

TÍTULO III. FISCALIZACIÓN PLENA POSTERIOR

CAPÍTULO 1: NORMAS XERAIS PARA A FISCALIZACIÓN PLENA DE INGRESO E GASTOS

REGRA 11: Fiscalización posterior plena.

11.1. Todos os expedientes obxecto de fiscalización previa limitada á que fai referencia e desenvolve e os Títulos anteriores da presente Instrución, serán obxecto dunha posterior plena mediante a aplicación das técnicas de mostraxe que se desenvolven no presente Título.

11.2. A fiscalización plena alcanzará aos actos e documentos que foron obxecto de fiscalización previa limitada.

11.3. A fiscalización plena farase por mostraxe, e a mostra obterase das relacións contables procesadas a través de medios informáticos.

11.4. A fiscalización realizarase de acordo coas cargas de traballo do departamento de Intervención. En ningún momento poderá atrasarse a fiscalización previa dos expedientes que se tramiten polas Áreas administrativas, por dedicar os recursos humanos e os medios técnicos á fiscalización plena.

REGRA 12: Solicitude de documentación.

As diferentes Áreas Administrativas que integran a Administración Municipal e, no seu caso, os Organismos Autónomos que se poidan constituír, e que se achan suxeitos a fiscalización, virán obrigados a remitir á Intervención Xeral, no prazo de dez días hábiles, os expedientes e requisitos documentais que se lles requiriron, así como os antecedentes necesarios para o exercicio da función interventora, referente á xestión, liquidación e recadación dos ingresos municipais, ou ben a calquera tipo de gasto en calquera das súas fases.

A información facilitarase en relacións cuxo formato e contido determinarase, en cada caso, pola propia Intervención, de acordo cos responsables afectados.

REGRA 13: Fiscalización.

A fiscalización plena dará lugar aos informes correspondentes que se tramitarán mediante o procedemento previsto nos artigos 35 e 36 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

REGRA 14: Aplicación das técnicas de mostraxe.

24.1. A Intervención procederá a determinar a mostra representativa en función do tipo de expediente, de forma automática, seguindo o módulo previsto na aplicación informática correspondente.

24.2. Os tipos de expedientes referidos anteriormente serán os relacionados na Regra 4, así como todo tipo de ingresos.

REGRA 15. Técnica de mostraxe.

25.1. Definicións.

UNIVERSO: Número de documentos que integrarán os procesos a fiscalizar.

MOSTRA: Número documentos que se van a examinar.

PERÍODO DE SELECCIÓN DA MOSTRA: Cociente entre o Universo e a Mostra. Denominarase “k”.

NIVEL DE CONFIANZA: Expresa a probabilidade de acertar na estimación dos erros.

ARRANQUE: Cifra enteira entre a unidade e “k”, decidida aleatoriamente, a partir da cal se inicia a mostraxe.

25.2. Procedemento:

- a) Ao comezo do período, estímase o universo. Desta maneira, obtense o tramo de poboación inicial.
- b) A través do programa informático, e mediante a utilización de métodos estatísticos aleatorios, establécese a precisión e o nivel de confianza da mostra. A medida que diminúa a precisión, estimarase unha mostra maior.
- c) Unha vez fixados estes datos, o programa determina o tamaño da mostra e o intervalo de selección da mesma.
- d) Fíxase o Arranque, elixindo aleatoriamente un número enteiro entre 1 e “k”. Devandito Arranque haberá que fixalo para proceder á determinación dos expedientes concretos da mostra.

e) A mostra definitiva obtense sumando ao Arranque o intervalo de selección da mostra.

REGRA 16. Resultado da selección de mostra.

16.1. Ao efecto de poder valorar a credibilidade dos resultados que se obteñan na Auditoría, a Intervención de mostra deberá emitir informe no que se detalle para cada grupo de expedientes sobre os que se obtivo mostra, a seguinte información:

- Identificación do tipo de expediente.
- Importe da mostraxe.
- Nivel de confianza.
- Nivel de Precisión.
- Resultados obtidos en proporción a expedientes correctos e defectuosos e tipo de erros detectados.

16.2. Si do informe contido no apartado anterior detectábase para cada poboación unha taxa de erro superior á esperada, proporáanse as medidas correctoras destinadas a solucionar o problema ocasionado.

REGRA 17. Cláusula Residual.

Con independencia do exercicio da función interventora regulada pola presente normativa, a Intervención poderá someter a exame exhaustivo calquera expediente integrante da poboación que non sexa seleccionado na mostra, sempre que así se decida pola Intervención, de forma xustificada, ou ben lle sexa solicitado polo Alcalde, polo Pleno da Corporación ou por calquera dos grupos políticos con representación no Concello.

REGRA 18. Aplicación do Acordo do Consello de Ministros

En todo caso considéranse transcendentales no proceso de xestión os extremos fixados na Resolución do 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008, polo que se dá aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei 47/2003 de 26 novembro de 2003, Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, na súa redacción dada pola Resolución do 18 de novembro de 2019, e na Resolución do 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 20 de xullo de 2018, polo que se dá aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios.

REGRA 19. Nos aspectos non contemplados no Acordo do Consello de Ministros nin na presente Instrución, consideraranse aspectos a comprobar os contemplados na Regra 5 da presente Instrución.

Disposición final. Entrada en vigor.

A presente Instrución será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia de Lugo, entrando en vigor unha vez transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

O que se fai público para xeral coñecemento, facendo saber que contra o acordo de referencia, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer alternativamente ou ben recurso de reposición potestativo ante o Pleno deste Concello, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente ao dereito correspondente.

Pantón, 2 de xuño de 2020.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1048

PARADELA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, 3 POSTOS DE OPERARIOS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE PARADELA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

O Concello de Paradela, aprobou por Resolución da Alcaldía de data 2 de xuño de 2020, as seguintes bases para a selección de persoal laboral temporal, para 3 postos de operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Paradela:

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE TRES (3) OPERARIOS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE PARADELA, EN CUMPRIMENTO DA ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE PARADELA, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020. ACTUACIÓN VEHÍCULO MOTOBOMBA-2020.

1) **OBJECTO DA CONVOCATORIA.**

1.1. **Obxecto**

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal de tres (3) Operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Paradela, en cumprimento da addenda ao convenio interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural, por un período de tres meses.

1.2. Normas de aplicación: O proceso de selección regularase polo previsto nas presentes bases e na addenda ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Paradela para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019, cofinanciado parcialmente co FEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado; Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección da/os aspirantes será o de concurso – oposición.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicaranse no boletín oficial da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es; o resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web do Concello de Paradela (www.paradela.es)

2) **MODALIDE DO CONTRATO.**

2.1 O contrato de traballo temporal que se formalizará coas persoas seleccionadas será coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado, a tempo completo, previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

O réxime xurídico da relación laboral será de carácter laboral temporal.

Respecto a xornada dos operarios condutores, segundo o establecido no mencionado convenio que literalmente di así: “Manter operativo/s o/s VMB/S (vehículos motobombas) durante a vixencia do convenio, estando operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ao día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa requirido/s para a extinción destes”.

3) **FUNCIÓNS.**

As funcións dos contratos laborais temporais que se celebren a resultados do proceso de selección dos **3 postos de operarios condutores do vehículo motobomba**, serán as establecidas na addenda e no convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Paradela, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

4) **REQUISITOS DA/OS ASPIRANTES.**

Para participar no proceso selectivo, a/os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de

presentación de solicitudes, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento da formalización do contrato.

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. A/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións.

Segundo o establecido no convenio obxecto deste proceso de selección, os aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

c) Idade: ter cumpridos 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

g) Coñecemento da lingua galega: CELGA 2.

Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Polo tanto, que non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do CELGA, deberá superar unha proba que consistirá na tradución dun texto sobre o coñecemento do idioma galego, con cualificación de apto/non apto, con carácter eliminatorio.

5) SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte no proceso de selección axustarase ao modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello de Paradela e estará dispoñible na páxina web (www.paradela.es) e dirixirse ao Sr. Alcalde do Concello de Paradela, no prazo de dez (10) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. A/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Permiso de conducir tipo C.

c) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nestas bases-CELGA 2.

No suposto de carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego segundo o establecido na cláusula cuarta.

d) Declaración responsable, asinado pola/o aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, así mesmo declaración de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola/o aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Relación - anexo III segundo a orde que se establece na base oitava dos méritos que a/os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mencionada base.

5.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Paradela (Lugo), en horario de 9:00h a 14:00h de luns a venres, poderanse así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A/os aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Paradela, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por fax ao Concello de Paradela (982541232) ou correo electrónico concello.paradela@eidolocal.es, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente; sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de un (1) mes, declarando aprobada a lista provisoria de admitida/os e excluída/os coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase de xeito integro no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web www.paradela.es, sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase o lugar e hora de realización das probas de oposición e a composición do tribunal cualificador e data de constitución.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesada/os a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, a/os interesada/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionaria/os de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un da/os cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un/ha funcionaria/o de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretaria/o: a/o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionaria/os de carreira ou persoal laboral pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ao ser a súa composición impar.

A/os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, a/os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretaria/o e co visto e praxe da/o Presidenta/e.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso - oposición:

1) FASE DE OPOSICIÓN: PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO.

Realización dun exercicio que consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 10 preguntas con respostas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período de 20 minutos e determinado polo Tribunal que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba puntuarase de 0 a 10 puntos, as respostas correctas valoraranse cada unha con 1,00 puntos. As non contestadas ou contestadas incorrectamente non penalizarán.

2) FASE DE CONCURSO:

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en seis (6) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

a) Experiencia profesional. Máximo (5,00) puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamento feito pola propia Administración: 0,20 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate -excepto aqueles aspirantes que traballaron no Concello de Paradela, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 0,10 puntos por cada mes completo. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia

compulsada do contrato de traballo subscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

b.) Formación. Máximo 1,00 puntos:

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

- Cursos de 10 a 40 horas: 0,25 puntos.
- Cursos de 41 a 75 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 76 a 100 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de máis de 100 horas: 1,00 puntos

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e /ou financiou, acreditativo da súa realización.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

9. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

O exercicio realizarase no prazo máximo de vinte (20) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, o comezo do primeiro exercicio, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es, o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realice o exercicio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir, etc), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

A/os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición a/os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

A/os opositores poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, estarase ao resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases oposición e concurso, en caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro e segundo apartado, sucesivamente da fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realizou o exercicio, a puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), os aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, elevarase dita relación ao Sr. Alcalde-Presidente, que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de prelación aos efectos da provisión dos postos de traballo obxecto deste proceso de selección, para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura dos postos cando se produzan renuncias dos aspirantes primeiramente seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato. A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración dos contratos obxecto do presente proceso de selección.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A/os aspirantes seleccionada/os deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se declarará o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Igualmente a/os aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico - práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes do equipo do vehículo motobomba xa o recibisen en anos anteriores.

Trala superación do recoñecemento médico e a proba de esforzo, a/os candidata/os propostos para seren contratada/os deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente xunto coas instancias de participación:

a)Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

b)Nº de conta bancaria (IBAN)

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidata/o que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesada/os, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo temporal, coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado por un período de 3 meses, a xornada completa, vinculados á addenda e a ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Paradela para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, actuación dun vehículo motobomba

11. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/os interesada/os nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Paradela. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 2

Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia 2020 (PLADIGA),

ANEXO II) MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE TRES (3) POSTOS DE TRABALLO DE OPERARIOS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE PARADELA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

D/^a.....provisto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na
R/.....nº.....,C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Paradelas para a contratación laboral temporal (coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de tres (3) postos de traballo de Operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Paradelas en cumprimento da addenda ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Paradelas, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación dun vehículo motobomba, por un período de tres meses no exercicio 2020.

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello do Paradelas para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web www.paradela.es, lugar de realización dos exercicios e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicita/o ser admitida/o a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia

Permiso de condución en vigor tipo C

Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nestas bases-CELGA 2.

Relación dos méritos que alego para a súa valoración - Anexo III, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base oitava.

....., de.....de 20

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA

De conformidade co establecido na normativa de protección de datos persoais, informámoslle que os datos persoais que nos facilite, almacenaranse e tratarán coa finalidade de participar en procesos de selección e avaliación de persoal. A tales efectos, Vd. expresamente consente e autoriza á realización de cantas probas de carácter profesional, sociolóxico, psicolóxico e de aptitude sexan precisas para a determinación do seu perfil profesional. Estes datos, solicítanse en base ao seu consentimento, necesario para poder ostentar a condición de candidato. Devandito consentimento entenderase prestado en tanto non comunique por escrito a revogación do mesmo. Informámoslle que conservaremos os seus datos durante un prazo máximo de dous anos. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatarios da información é o CONCELLO DE PARADELA, onde poidan xurdir vacantes que se axusten ao seu perfil. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en C/ Cabaleiros de Santiago, 15. 27611. Paradelas. LUGO ou a través do correo dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org.

ANEXO III (RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS)

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
Servizos realizados como Operario condutor vehículo motobomba para a prevención e defensa contra incendios forestais.				
Categoría	Administracións Públicas/Entidades privadas	Duración contrato ou nomeamento	Data inicio	Data Remate

FORMACIÓN		
Denominación	Centro impartición	Duración

Data:

O/A solicitante

Asdo:

Paradela, 2 de xuño de 2020.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 1064
